



# PENAS DE RODAS

Club de Montaña O Carroucho

www.carroucho.org

11 DECEMBRO 2021

Próxima Ruta:  
**ASEMBLEA ORDINARIA**  
15 DECEMBRO 2021

## DATOS BÁSICOS

Comezo: Pobo da Feira  
Remate: Pobo da Feira  
Distancia lineal: 14 km.  
Duración aproximada: 5 horas  
Dificultade: Media.  
Altura Máxima: 610 m.  
Altura Mínima: 406 m.  
Ascenso total: 227 m  
Descenso total: 227 m

Esta ruta circular encóntrase a uns 18 km de Lugo, e uns 5 km de Rábade (Outeiro de Rei). Sáese do pobo de A Feira, e está sinalada como PR-G 155. A única complicación é a ascensión ao miradoiro, pero é asumible. O percorrido é a través de camiños, pistas de terra e algún pequeno tramo asfaltado. A paisaxe é variado, con bosque autóctono en claro retroceso polas



expansivas plantacións de eucaliptos, prados e aldeas ben conservadas ata chegar a Pena de rodas.

Para uns, trátase de un amontoamento de pedras sen máis interese; para outros é un conxunto megalítico de enorme valor, vinculado ao saber

astronómico. Incluso hai estudosos do lugar que aseguran que poder ser o primeiro calendario solar da humanidade. As rochas, que parecen estar a punto de caerse, dominan un suxestivo paraxe natural.

Sen dubida, Pena de Rodas trátase dun lugar sagrado e de culto de enorme importancia e antigüidade, que merece un estudo en profundidade. Situado no municipio lucense de Outeiro de Rei, unha construción de rochas de grandes dimensións que superan os 15 metros de altura serviría de calendario de predición de datas importantes do ciclo agrícola para os antigos romanos debido a súa proximidade coa antiga Lucus (Lugo), así como de altar cerimonial. Está situada a 620 metros por encima do nivel do



mar e a disposición dos seus elementos e as pegadas da súa manipulación fan pensar nunha montaxe levado a cabo polo home fai miles de anos. A xuízo de varios historiadores, a estrutura que conforman as ciclópeas rochas de Pena de Rodas non tratan máis que simbolizar o matrimonio entre o Sol e



sairan rodando máis tarde ou máis cedo.

Tan máxico e especial lugar, non podía menos que estar rodeado de lendas que forman parte da literatura galega, como a que fai referencia ao propio interior das pedras, unha delas chea de alcatrán que inundaría a zona en caso de romperse e a outra estaría repleta de ouro, polo que colmaría de riqueza ao que acertara coa elección. O certo é que o orixe deste tipo de formacións calcárea basease na acción bioxeoquímica da auga sobre a pedra granítica, e é típico de Galicia e do norte de Italia.

Penas de Rodas é un lugar de elevado valor simbólico e carácter sagrado, que tamén está rodeado de petróglifos, mámoas, castros ou xacementos romanos. Si hai que escoller un día para visitalo, resulta recomendable facelo o 21 de xuño, día do solsticio de verán, cando o sol alcanza a súa máxima posición boreal, a máxima inclinación norte e sur con respecto ao ecuador terrestre.

Dende aquí continuamos por pistas ata chegar ao punto mais elevado da ruta, a uns 610 m. onde encóntrase o miradoiro de Paraños, xunto a unha caseta forestal contra incendios con boas vistas da rexión. Descendendo xa por bos camiños chegaremos a aldea de Francos, con unha interesante e bonita igrexa. É a Igrexa de Santiago de Francos. Igrexa con elementos románicos (aínda que desa primitiva construción só se conserva a ábsida primitiva), ten unha nave con cuberta a dúas augas e é unha das mais antigas do municipio.

a Terra. Outras versións e crenzas, sen embargo, apostan por referirse a unha formación natural composta por dous enormes pedras de granito esféricas e asentadas sobre bases de pequeno tamaño. O conxunto da a sensación de xogar a un equilibrio forzado, xa que as pedras parece que

